

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 25 DE XUÑO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e cinco de xuño de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTEROS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase outorgar licenza urbanística para construír un edificio na rúa Armórica, 24 (expte: 2024/Y001/000213).

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a primeira prórroga dende o 21 de xullo de 2025 ao 20 de xullo de 2026 na contratación da execución do programa socioeducativo de prevención da violencia de xénero nos centros educativos públicos do Concello de Lugo (Concellería de Muller e Igualdade - Servizo de Igualdade). exp. ref. 2023/C003/000003.

Acórdase a prórroga 2025 na contratación dun servizo de maquetación, edición e distribución do programa oficial de festas San Froilán 2024. exp ref: 2024-C003-000030.

3. FOMENTO.- Acórdase aprobar o texto e proceder a sinatura do convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e a entidade financeira Banco Santander S.A. para a colaboración na recadación municipal.

4. PERSOAL.- Acórdase a prórroga da comisión de servizos dun bombeiro-conductor como cabo-bombeiro.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac1440763874351866840.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-6-2025

Tamén se acorda o arquivo das actuacións con relación ao procedemento administrativo disciplinario incoadoa unha funcioanria interina.

Así mesmo, acórdase a adopción da medida de suspensión provisional de funcións dun traballador, polo tempo de duración do procedemento xudicial incoado ao efecto.

Do mesmo xeito, acórdase a execución provisional da sentenza 342/2025 ditada polo Xulgado do Social número 2 de Lugo no procedemento de despido número 32/2025 pola que se declara nulo o despido dunha trabalaldora laboral.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL

5. SERVIZOS SOCIAIS.- Acórdase a autorización á entidade Venelugo, G-27499227, do uso en precario de local na Casa María Mariño de Asociacións de Interese Social. (Convocatoria ano 2022).

Fóra da orde do día

- Acórdase a adxudicación da contratación das obras de mellora do contorno escolar do CEIP Rosalía de Castro. Exp. rf: 2025/C002/000004.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.